



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**Expediente número:** 2021/X999/000122

**Procedemento:** Proceso selectivo para a creación dunha listaxe de candidatos/as para cubrir postos de peóns de limpeza de instalacións, de conformidade coas bases aprobadas pola resolución da alcaldía de data 30/07/2021

### ACTA Nº 1 ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA DE SELECCIÓN E PROBA DE GALEGO

**Lugar:** Casa do Concello de Carnota

**Data:** 24/01/ 2022.

**Hora de inicio:** 8.30

**Hora de finalización:** 9.45

**Asistentes:**

Presidente: Inocencio Álvarez Lago.

Vogais: José Antonio Maceiras Martínez.

Jesús López Rama.

José Manuel Figueira Freire

Secretaria: María Dolores Maceiras Martínez.

Reunidos os integrantes do Tribunal cualificador, nomeados por resolución do Alcalde para valorar as probas selectivas dos aspirantes para a creación dunha listaxe de candidatos/as para cubrir postos de peóns de limpeza de instalacións, aproban por unanimidade os seguintes

#### ACORDOS

##### 1. Constitución da Comisión

**PRIMEIRO.** Declarar a formal constitución do Tribunal cualificador como órgano selectivo do proceso de convocatoria e probas para a creación dunha listaxe de candidatos/as para cubrir postos de peóns de limpeza de instalacións, conforme ás bases da convocatoria, aprobadas o 30/07/2021, e publicadas na mesma data na web municipal e no taboleiro electrónico do Concello de Carnota.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**SEGUNDO.** Como órgano de selección de persoal, queda suxeita ás normas aplicables en materia de emprego público, concretamente o artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e como órgano colexiado administrativo, aos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.** Os membros do Tribunal Cualificador Técnica deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusalos cando conorra algunha de devanditas circunstancias.

### **2. Concreción das normas establecidas nas bases da convocatoria.**

A base 7 da convocatoria establece literalmente o seguinte:

#### ***“7. Sistema de selección e puntuación.***

*O sistema de selección será o de oposición.*

*Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único. Quedará excluído/a da oposición quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.*

*A orde de actuación dos/as aspirantes será por orde alfabética dos apelidos.*

*En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos/ás opositores/as para que acrediten a súa identidade.*

*Os/as candidatos/as deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.*

*Os exercicios da oposición serán os seguintes:*

#### ***Primeiro exercicio. Proba de Galego:***

*Para garantir o dereito da cidadanía ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como para a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega, presentando o certificado Celga 1 ou equivalente, de conformidade coa normativa vixente, que terán a cualificación de apto/a.*

*Se o/a aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego, proposto polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.*

*Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Carnota.*

*Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles para presentar as reclamacións que consideren oportunas contra as referidas cualificacións.*

*...”*



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

Consecuentemente co anteriormente exposto e en harmonía coa discrecionalidade técnica que a vixente normativa e a xurisprudencia recoñecen aos órganos de selección, por unanimidade acórdase o seguinte:

**PRIMEIRO.** Preparar e realizar a proba de coñecemento de galego, prevista para os/as aspirantes que non están exentos/as por non ter acreditado estar en posesión do Celga 1

### **SEGUNDO. Valoración da proba de galego.**

Dadas as oportunas instrucións a aspirante presentada e realizada a proba, procedeuse á valoración da mesma co seguinte resultado:

ASPIRANTE	RESULTADO PROBA GALEGO
Rodríguez Figueira, María Dolores	APTA

Atopándose o aspirante D. Ramón Pereiro Piñeiro convocado para a realización da proba de galego ás 9:00 horas deste día no Salón de actos do Concello de Carnota sen que se presentara para a súa realización, o Tribunal acorda a súa exclusión do proceso selectivo.

### **TERCEIRO. Prazo de reclamacións.**

Cualificada a proba, publícase mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Carnota.

Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles para presentar as reclamacións que consideren oportunas contra as referidas cualificacións.

**CUARTO.** Informar aos/ás aspirantes admitidos que de conformidade coa resolución da alcaldía de data 20/01/2022 e publicada na mesma data, están convocados para realizar a proba tipo test o día 28 de xaneiro de 2022 ás 9:00 horas.

Non habendo mais asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión á hora que se indica no encabezamento, asinando os asistentes a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.